

ANEXO I PROPOSTA DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN STEMbach

Coordinación STEMbach na Facultade/Escola UVigo:	
Nome: Francisco Javier Sánchez Sellero	
Enderezo electrónico: javiss@uvigo.gal	Teléfono: 988 368 742
Dirección do proxecto	
Nome: Mónica Villanueva Vilar	
Enderezo electrónico: monicavv@uvigo.es	Teléfono: 677434471
Co-dirección do proxecto	
Nome: Elena Rivo López	
Enderezo electrónico: rivo@uvigo.es	Teléfono: 609628583
Bienio	2022/2024
Número de participantes (máx. 4)	2

NOTA: Os custos derivados da execución deste proxecto de investigación tales como os desprazamentos do profesorado da UVigo ao centro educativo ou doutras actividades establecidas no plan de traballo, correrán a cargo do centro educativo ao que se asigne este proxecto.

Título

SECTOR AGROALIMENTARIO EN OURENSE: UNHA PERSPECTIVA DESDE A ECONOMÍA CIRCULAR E A DIXITALIZACIÓN

Resumo

Análise do sector agroalimentario en Ourense para intentar proponer mellor no mesmo desde a óptica da economía circular e a dixitalización do sector.

Obxectivo

As políticas para impulsar unha economía circular téñense convertido nunha prioridade en Europa, especialmente desde a aprobación do Paquete de Economía Circular da UE no ano 2015. A presentación do Pacto Verde Europeo (Green Deal) en 2019 representa o novo marco político de referencia para avanzar na economía circular, establecendo unha folla de ruta con accións para impulsar un uso eficiente dos recursos, restaurando a biodiversidade e reducindo a contaminación. Trátase de analizar o sector agroalimentario para entender de que xeito poden impactar ambientalmente as actividades do sector (empresas produtivas, consumidores) segundo un enfoque de economía circular.

Plan de traballo

<https://www.uvigo.gal/ven-uvigo/centros-secundaria/steam/stembach>
stembach@uvigo.gal

1º Dentro das actividades formativas do grupo, as directoras do proxecto impartirán charlas sobre aspectos fundamentais da economía circular e a dixitalización. Tamén facilitarán material xenérico sobre a temática.

2º Unha vez realizada a formación básica sobre a temática concretarase a estrutura de contidos do proxecto, a través de distintas reunións entre directores, coordinador do StemBach do centro e o alumnado.

3º Lectura do material específico sobre economía circular e dixitalización no sector agroalimentario, redacción e revisión do proxecto.

4º Presentación do proxecto na Facultade de CCEE e Turismo de Ourense.